

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Febreiro 2005

COMUNICADO

O gasto medio por persoa e día dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros descendeu un 10,2% en febreiro de 2005 con respecto ó mesmo mes do ano anterior.

O gasto medio por persoa e día dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas descendeu en febreiro de 2005 un 10,2% en relación ó mes de febreiro de 2004.

O gasto medio por persoa e día, cun importe de 135,9 euros, descendeu, en termos correntes, un 10,2% en febreiro de 2005 con respecto ó mesmo período do ano anterior. En termos de serie corrixida de efecto calendario o descenso foi sete décimas inferior.

No que vai de ano o gasto por persoa e día descendeu en termos correntes un 15,8.

O gasto total dos viaxeiros descendeu un 21,3% en febreiro de 2005 con respecto ó mesmo mes do ano anterior.

Despois do Xacobeo 2004, o gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros en febreiro de 2005, que ascendeu a 19,5 millóns de euros, descendeu un 21,3% con respecto ó gasto rexistrado en febreiro de 2004 en termos correntes, esta caída é dun 19,0% se a serie se corrixe de efecto calendario.

No que vai de ano o gasto total dos viaxeiros descendeu en termos correntes un 21,2%, cifra que acada o valor de -19,6% se se corrixe de efecto calendario.

Por tipo de gasto, só o gasto en compras non alimenticias aumentou en termos de taxa interanual, mentres que os gastos en aloxamento e comida, que representan o 70,3% do gasto total, presentan descensos do 30,5% e do 22,2% respectivamente.




Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Febreiro 2005

	Dato. Euros	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto medio por persona e día	135,9	-10,2%	-15,8%
Gasto total	19.501.263	-21,3%	-21,2%
Datos corrixidos de efecto			
Gasto medio por persona e día		-9,5%	
Gasto total		-19,0%	-19,6%

FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto por persoa dende 1999.



FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es